

PROGRAMAS EUROPEOS

Programas europeos

Dentro desta sección atoparás toda a información sobre os distintos programas europeos que se poden solicitar, xunto coa información das actividades que se están a desenvolver no noso instituto.

A idea xurdiu no curso 2005-2006 cando uns alumnos de ciclos formativos propuxeron o seu desexo de facer prácticas complementarias en empresas no estranxeiro.

A partir de ahí comenzamos a traballar un equipo de profesores formado por Marta Pollán Guisasola, M^a José Galán López e Yolanda García Ulla.

Resultado dese traballo presentamos, no curso 2005-2006, tres proxectos de estadias formativas de alumnos en Irlanda, Inglaterra e Polonia e 1 proxecto de Visita Preparatoria dun profesor a Polonia.

Estes proxectos saíron aprobados pola Consellería de Educación no DOG do 27 de Xuño de 2006.

Tamén temos concedido este curso o Plan de Potenciación Lingüística no idioma inglés para profesores e alumnos. Desta forma, os alumnos dos ciclos formativos que o desexen teñen a posibilidade de asistir de xeito gratuito a unhas clases de inglés que nunha academia

costaríanlle moito diñeiro.

No curso 2006-2007 presentamos 1 proxecto de estadia formativa de alumnos do C.S de Administración de Sistemas Informáticos en Irlanda e 1 proxecto de Visita Preparatoria en Francia. Ambos proxectos están aprobados e pendentes da publicación no DOG.

Tamén estamos a mover máis temas e está en proxecto o presentar un proxecto Leonardo da Vinci e un proxecto Comenius para o vindeiro ano. Tamén imos solicitar de novo o Plan de Potenciación Lingüística no idioma inglés para o curso 2007-2008. É moi importante que os interesados se inscriban neste programa.

Coordinación e contacto:

- Yolanda García Ulla

¿Que son os Programas Europeos?

Con este termo englobamos a unha serie de axudas e actividades convocadas ben pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia ou ben polo MEC, coa co-financiación da Unión Europea, que están dirixidas tanto a alumnos de ESO e Bacharelato como de Ciclos Formativos así como para o profesorado do centro.

PROGRAMAS EUROPEOS

Existen moitos tipos de axudas que se poden solicitar e co tempo, a nosa idea é ir presentándonos a varios proxectos de xeito que estes programas pasen a formar parte, como valor engadido, da ensinanza impartida no noso centro.

Prácticas Complementarias no Estranxeiro

FIN PRAZO 31 MARZO 2007

Programa Erasmus

Este é un programa que convoca o Ministerio de Educación xunto coa Comunidade Económica Europea que está dirixido a alumnos universitarios e de Ciclos Formativos Superiores e que permite facer tódala **FCT no estranxeiro**.

O Erasmus solicítase dun ano para outro. Se se solicita no ano 2007, as axudas as conceden para facer a FCT no ano 2008.

Estableceranse uns criterios para seleccionar ós alumnos para facer a FCT no estranxeiro, baseándose no seu expediente académico e o seu coñecemento dun idioma estranxeiro.

Os alumnos teñen que ser maiores de idade no momento en que se vaian a realizar a FCT.

Programa Leonardo da Vinci

Este é un programa que convoca o Ministerio de Educación xunto coa Comunidad Económica Europea que está dirixido a alumnos de Ciclos

Formativos de Grao Medio, así como a antigos alumnos de Ciclos Formativos e que permite facer toda a **FCT no estranxeiro ou prácticas en empresas**.

O Leonardo solicítase dun ano para outro. Se se solicita no ano 2007, as axudas as conceden para facer a FCT no ano 2008.

Estableceranse uns criterios para seleccionar os alumnos para facer a FCT no estranxeiro, baseándose no seu expediente académico e o seu coñecemento dun idioma estranxeiro.

Os alumnos teñen que ser maiores de idade no momento en que se vaian a realizar a FCT.

Programa Comenius

Este é un programa que convoca o Ministerio de Educación xunto coa Comunidade Económica Europea que está dirixido a alumnos de secundaria e que permite facer intercambios lingüísticos e proxectos escolares con centros doutros países.

O Comenius solicítase dun ano para outro. Se se solicita no ano 2007, as axudas as conceden para facer os proxectos no ano 2008.

Inmersión Lingüística ESO

O programa consiste na estadía de 3 semanas de duración no **Reino Unido, Irlanda e Francia**.

PROGRAMAS EUROPEOS

Estas actividades de formación teñen como obxecto mellorar a competencia no uso de linguas estranxeiras: inglés e francés para o alumnado.

Poderá solicitar a participación en actividades de formación para a mellora da competencia no uso de linguas estranxeiras o alumnado dos cursos de **2º, 3º e 4º da ESO**.

Na baremación para a concesión puntúasen as condicións económicas e hai que ter unha avaliación positiva na asignatura do idioma que se solicita no curso anterior.

FIN PLAZO 14 ABRIL 2007



Inmersión Lingüística Bacharelato

As axudas se concederán para realizar actividades de formación de mellora da competencia lingüística no estranxeiro durante o curso 2006/2007.

Se desenvolverán nos meses de **xullo e agosto** en países cuxo idioma oficial sexa unha lingua estranxeira de entre as que está cursando o alumno/a no centro escolar.

As axudas desta convocatoria teñen como obxecto mellorar a competencia no uso de linguas estranxeiras implantadas no sistema educativo e estudadas como primeira ou segunda lingua estranxeiras polo alumnado desta comunidade autónoma.

Poderá solicitar a participación en actividades de formación para a mellora da competencia no uso de linguas estranxeiras o alumnado dos cursos **1º e 2º de Bacharelato**.

Na baremación para a concesión puntúasen as condicións económicas e hai que ter unha **avaliación positiva** na asignatura do idioma que se solicita no curso anterior.